CICLO SUPERIOR - LIBRES

ORTOGRAFÍA+FONÉTICA:

1. Acentúe onde cumpra:

- Quorum canon biotopo diodo textil
- Robalo Karate heroe gladiolo amalgama

2.-Indique o timbre das vogais tónicas:

- Se te vas, perdes a vez e logo, ao mellor, xa non te poden atender.
- Aquel día fixera un pendello para gardar a serra e despois fora ...
- Anda, ven aquí e come un pouco deste saboroso pastel. Trouxérono os teus avós e non queren que llelo despreces.
- Loita polo que desexas. Hai que pór máis esforzo do que ti pos.

3.-Indique os casos onde pode haber metafonía.

- nova onte ovo dente

4.-Indique se os enes subliñados son velares(v) ou alveolares(a):
Se ti non as colles, alguén as collerá.
A nena fixo un avión con cartolina de varias cores.
Tamén gardou os libros de francés.

5.-Sinale cun cículo os lugares onde pode haber rotacismo:
Ás cativas dóenlles as mans, porque estiveron desfacendo na sebe todos os días desde as catro ata as oito.

6.-Indique o tipo de fonémeno vocálico ou consonántico que se presenta e acaroe a forma correcta:

Piteiro
Menistro
Adevertir
Concibir
baxa(<baixa)
lovar(<levar)
beilar
mencer:

probe:
quentar(<cantar):

7.-Complete, se cómpre:

| | | | |
|---|---|---|---|
| a……ogacía | pí....eda | …..arcia | ga…..anza |
| torre….mo | poli….ón | abando....ar | a…midón |
| a…me..a | ga....acho | …..oitre | enga....ar |
| v...ngativo | apaixo..ar | resc....ldo | e...cavadora |
| masti...ar | palmíped... | e...tensión | ….endecasílabo |
| …irto | pergami....o | xude... | Igl…. |
| Descri…ción | olfa…tear | o….tear | sub…traer |
| …..arexar | pro….ectar | al….elí | es….elteza |
| co…adoiro | b…asón | p…aga | e….trema(subst.) |
| ....osmar | frag...ancia | ali....ación | chist…..ra |
| mara….illoso | …..erza | Sali….a | torna…oda |
| tre…oada | rex…dor | esca…..o | gandul.... |
| rexe…..ración | ....ropel | autu...nal | ….irollo |
| fil…armonía | ald…aba | p….acidez | mov…mento |
| sang…..ento | c….engo | bara….ar | sarr....o |

# MORFOSINTAXE:

8.-Indique o xénero:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ....estratego | ...viruxe | ...balaxe | ....sebe | ...incre |
| ...testemuña | ....riso | ....prebe | ....acne | ...dó |

9.-Feminino de:

Anfitrión:

Baleigán:

Teutón:

Comellón:

Truán:

Pertegán:

Vilán:

Campión:

Robalo:

Grou:

10.-Plural:

Espécime:

Dolmen:

Risco da vella:

Pedra fita:

Canon:

Baril:

Prénsil:

11.-Comparativo.Corrixa se é mester:

Prefire ao neno antes cá nena

Meu imán e máis alto ca o teu

Quero máis aos pais que a eles.

12.-Cambie o subliñado por un posesivo:

Aquel traballo non era o que lle gustaba

Ese libro dedicoullo á súa familia

Tiñan coche propio, pero véndérono

Os rapaces sempre fan trasnadas.

Cada neno ten seu bolígrafo

13.-Empregue o dativo de solidariedade se se pode e corrixa o necesario:

Non se me me queixan nada, sabedes!

Ben os ve(ela)!

A verdade é que me gustaría ser toureiro, sabe?

Vostedes non queren mel?

A min gústame moito, saben?

14.-Clasifique as seguintes medidas segundo sexan de superficie, longura, peso e capacidade para áridos ou líquidos. Indique as equivalencias no sistema métrico actual:

Libra:

Estadal:

Copelo.

Moio:

15.-Escriba con letra:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 34.650 | 4/45 | 17 | 25 | 76º | 99º |

16.-Corrixa, se é mester:

Ambos son nenos.

Cada quén é libre de ir ou non.

Cadanseu neno traía unha bicicleta.

Estes son os que quero, non aquelesoutros!

Quero isto, non aquelo outro.

Veume ca leria de sempre!

Teño zafras de mais, daquela...

Tes cousas abondas para facer iso?

Son esas película de vosa?

El Rei abriu onte a…

Cada sentinela ten súa arma

Que horrible é,  Deus meu!

Quen son aqueles?

O neno, cuxo tapabocas é ...

Veu cara min e díxome...

Según os ditames...

17.-Poña o pronome persoal correspondente nos espazos en branco:

Pensei que era médica, pero non .....é. É enfermeira.

Ser non será Carme, pero parece, parece...

Roubáron.......o moedeiro onte

Este rapaz fai coma ti, imita....moito

18.-Substitúa os sintagmas polos pronomes correspondentes:

Requentastes as fabas para nós

Urbanizaron o terreo edificable para vós

Ofertaron os mobles aos consumidores.

19.-Empregue perífrases verbais axeitadas:

Por fin, sóubose que viñera de Arxentina.

Desde aquel día bebeu como unha esponxa

Xa lle exixín máis dunha vez que me devolvese os cartos que lle emprestei.

20.-Indique as formas verbais:

P6 de presente indicativo

RUXIR PÓR:

P5 de perfecto de PROVER:

P3 de pretérito de indicativo de SATISFACER:

P1 perfecto de DAR:

P4 perfecto de AVIRSE:

P1 presente indicativo de OUVIR:

P5 de presente de indicativo de CONTRAPOR:

P1 presente de indicativo de ATRAER:

P4 pretérito pluscuamperfecto de DISTRAER:

P5 pretérito pluscuamperfecto de SATISFACER:

P6 infinitivo de VIR:

21.--Empregue o infinitivo conxugado:

Dis que quizais llo debese dicir a Aleixo, porque o tempo estase a botar encima e apenas queda tempo de rectificar, pero, se che son sincero, non sabería como o facer sen que se anoxasen tanto el como Sabela. Eles pensan que todo está perfectamente claro e que non van ter ninguna pexa para realizalo.

Talvez llelo debas dicir ti, xa que es, consonte eles, o seu mellor amigo. Outramente, coido que ti es a persoa axeitada, dado que es máis reflexiva e acougada, mentres que eu son o aveso.

22.-Introduza a preposición DEICA ou ATA:

Desde Lugo ………………Melide quedan poucos quilómetros.

Non parou………..que conseguiu compralo.

...........mañá,  que hoxe non nos vemos!

.....o século XIX non se descubriu a máquina de vapor

23.-Constrúa unha frase con:

ACOTÍO:

AGA:

DECONTADO:

VERBO DE:

ENCOL DE:

POR MOR DE:

XA QUE LOGO:

CONTRA(aproximación):

24.--Marque cun X a resposta correcta:

-O mantemento dos grupos CUA-, GUA- dáse en:

- Área fisterrá
- Área mindoniense
- -A  maior parte de Ourense

-A formas CANTAIS é un dialectalismo propio de:

- A península do Morrazo
- A área mindoniense
- As falas do Baixo Miño

-O fenómeno dialectal do CHEÍSMO  aparece en:

- Área ancaresa
- Área bergantiñá
- Occidente da Coruña

-Ó falarmos de TEÍSMO, pronome suxeito TU, conservación de CUA-, desinencia SNP en –IS, estámonos referindo a:

- Área lucu-auriense
- Baixo Miño
- Área oriental de transición.

25-Clasifique en palabras simples(s) compostas(C), derivadas(D) ou parasintéticas(P).

- filoloxía
- antropocéntrico
- topónimo
- leal
- democrático
- hipopótamo
- hematoma
- sol
- botafumeiro
- debateren
- taxidérmico
- leigo

26.-Etimoloxía.Indique os resultados patrimoniais e os grupos:

| Étimos | Galego | Grupos |
|---|---|---|
| IN+MAGICARE | | |
| TAXU | | |
| SEROTINU: | | |
| CAPUT | | |
| AUCTORICARE: | | |
| AD+GENUCULARE: | | |
| CEREVISIA: | | |
| CLAUDIRE: | | |
| PLANARIA: | | |
| FILU: | | |
| SOMNIU: | | |
| PISCE: | | |

27.-Clasifique as seguintes oracións e indique o tipo:

-O lugar onde vivían era fermoso.

-Encontrárono onde dixera Sabela.

-Dime se queres vir mañá cedo.

28.-Corrixa o que cumpra:

- As máis das aves son palmípedas.

- O camión, despois de volcar, foi bater contra o talude.
- Estes días hai moito humedén na atmosfera.
- Son un apaixonado da pintura, en especial das naturezas mortas.
- O desmadre que alí había era ...

29.-¿Como son en galego as seguintes expresións castelás?

- -Pelillos a la mar:
- -De tal palo, tal astilla:
- -A la vejez, viruelas:

- -A palabras necias, oídos sordos:
- -Hacer de su capa un sayo:
- -Venir como anillo al dedo:

- -Ande yo caliente y ríase la gente:
- -Ir por lana y salir trasquilado:
- -A lo hecho, pecho:

30.-Marque cun "x" a resposta correcta:

A palabra xerfa significa:
-cadela
–Superficie do mar chea de escuma.
-Gata.

-O termo cuza é un sinónimo de :
-cuxa.
-cadela.
-alcuza.

-A palabra ardora significa:
-argola
-tipo de embarcación.

-fosforescencia ou luminosidade de augas mariñas.

-A palabra **alfiestra** significa:
-fiestra pequena.
-furado de agulla.
-lintel.

A palabra **cadorno** é sinónimo de :
-lazo, carambelo
-calmizo
-aparello de pesca

31.-Indique un sinónimo de:

| | | |
|---|---|---|
| • poula: | Osa Maior: | risco(cabelo): |
| • bacía: | xoto: | espádoa: |
| • xoula: | ronsel: | para(subst.): |
| • xena: | papoia: | verme da luz: |
| • xerfa | pedrafita: | rexoubar: |
| • cuíña: | rinchar: | cascarrubia: |
| • refacho: | retrouso: | cadoiro: |
| • xergo: | cágado: | lea: |
| • fuíña | bocaladas | entena |
| • agruar: | arrequentar: | casca: |
| • alcouve: | acernar: | marfallar: |
| • bortel: | arneiro: | rafa: |

32.-Escriba os xentilicios dos topónimos seguintes (masculino e feminino):

CANTERBURY:

BELÉN:

LIRA:

SANTIAGO DE ESTERO:

AREZZO:

BOGOTÁ:

EIVISA:

RIBEIRA DE PIQUÍN:

BOQUEIXÓN:

A MAÏA:

33.--Clasifique as seguintes palabras en cultas , semicultas e populares: *feito, factible, múltiplo, umbilical, embigo, persoa, personificación, flor, chama, decena, clavícula, caravilla, aleitar, caravilla, chavella.*

34.-Con que nomes se denominan en galego os antropónimos casteláns seguintes?:

Blas:
Verísimo:
Ginés:
Pablo:
Eulalia: